

# O texto literario na era dixital: creación, divulgación e didáctica

Datas: 20-22 outubro de 2016 (tardes do 20 e 21 e mañá do 22)

Horas: 20 horas (14 presenciais + 6 de traballo autónomo)

Organizadores: SIELAE (Universidade da Coruña), HISPANIA (Grupo de Investigación) Facultade de Filoloxía (UDC)

Lugar: Facultade de Filoloxía (Universidade da Coruña). Campus da Zapateira (A Coruña - España)

Prezo: 100 € (75 € para estudantes da UDC, presentando o resgardo da matrícula do curso 2016-2017)

Matrícula: A solicitude de inscrición comeza o 26 de setembro de 2016 e pecharase ao completar o número de prazas, que son limitadas. Outorgarase por riguroso orde de inscrición e pagamento de matrícula.

## PROCEDEMENTO PARA SOLICITAR PRAZA

Enviar unha mensaxe de correo electrónico ao enderezo: [sielae2@gmail.com](mailto:sielae2@gmail.com) escribindo no asunto: "Inscrición curso de literatura"

Na mensaxe precisaranse os seguintes datos:

- \* Apelidos
- \* Nome
- \* E.MAIL
- \* Teléfono
- \* Estudos realizados
- \* Universidade e área de coñecemento (se procede)
- \* Enderezo

Para alumnos da Universidade da Coruña (ademais do anterior:)

- \* Facultade de orixe
- \* Curso no que se está matriculado
- \* Copia de resgardo de matrícula do curso (2016-2017)

## Todos os solicitantes

A secretaría do curso poñerá en contacto cos solicitantes para informalos se hai prazas dispoñibles e foron aceptados; de ser o caso, daranse instrucións sobre o procedemento para o pagamento da matrícula.

## Descrición do curso

Nos últimos anos producíronse cambios significativos na forma de ler, escribir e difundir os textos literarios. Con todo, estes cambios non atoparon atención precisa no ámbito académico, e é urxente que os interesados na creación literaria, profesores, pais, axentes de industrias culturais e creativas ou o público interesado, dediquen un tempo acoñecer e reflexionar sobre o que está pasando. Este curso analiza os cambios e ofrece ferramentas (para usuarios e profesores) para encarar estes fenómenos. O curso informará das principais manifestacións observadas en torno ao texto, hipertexto, novos xéneros, diferentes soportes de difusión, discusión e importancia das redes sociais, etc.

## Destinatarios:

- Docentes de todos os niveis educativos
- Persoal de bibliotecas
- estudantes de educación, filoloxía ou comunicación
- Creadores, escritores, interesados en industrias culturais e creativas

- Pais e educadores
- Outras persoas interesadas no tema

## Obxectivos

- Coñecer e analizar a influencia dos medios de comunicación dixital na praxe lectora e lingüística
- Comprender e analizar os novos xeitos de escribir e ler no ámbito dixital
- Reflexionar sobre as novas formas de socialización da lectura
- Coñecer as preferencias e gustos dos lectores actuais
- Analizar o impacto que poden ter os fenómenos estudados en comportamentos e actitudes de lectores xoves.
- Reflexionar sobre prácticas na educación literarias que poden ser aplicadas en diferentes etapas educativas
- Estimular o intercambio de opinións e a discusión colaborativa dos participantes do curso sobre as os temas tratados
- Obter unha visión xeral do potencial creativo e educativo da fusión de novas tecnoloxías e texto literario.

## Contidos

### Módulo 1. Literatura infantil e xuvenil

- Panorama actual da Literatura infantil e xuvenil
- Creación: texto e imaxe
- Difusión e soportes
- A literatura infantil e xuvenil na aula

### Módulo 2. Texto literario e novas tecnoloxías: creación, difusión e didáctica

- Novas formas literarias: Transmedia, fanfiction, Book tráiler
- Lectura, novas tecnoloxías e redes sociais: o fenómeno dos videoblogeros e booktubers
- Recursos útiles para a análise e creación

### Módulo 3. Industria Creativa e Literatura

- O texto na creación e desenvolvemento de industrias creativas.
- Mesa redonda sobre narrativa audiovisual (animación, videoxogos, realidade virtual, etc.)

## Profesores

Listaxe e datos do profesorado en PDF, na páxina do SIELAE <<http://www.bidiso.es/sielae>>

## Requisitos

Non hai máis requisito previo que o interese polo tema. Recoméndanse coñecementos básicos a nivel usuario da navegación por Internet.

Certificado: O certificado do curso emitirase por 20 horas.

Información: [www.bidiso.es/sielae/](http://www.bidiso.es/sielae/)

c.e: [sielae2@gmail.com](mailto:sielae2@gmail.com) - Tfono :. 981167000 (1887)